

Este proxecto técnico foi aprobado na reunión do Pleno do Consello Galego de Estadística do día 2 de decembro de 2022

3504-06-OE06 Ocupación hoteleira: turismo de saúde

PROXECTO TÉCNICO

Obxectivos

O turismo de saúde é un recurso turístico galego dunha grande importancia e proxección, que precisa de maior estudo dende o ámbito estatístico.

A Enquisa de Ocupación Hoteleira (EOH) é unha operación estatística elaborada polo INE que enquisa os establecementos hoteleiros e permite recoller información, tanto da demanda turística, como pode ser o número de viaxeiros, o número de noites e a estadía media distribuídos por orixe dos viaxeiros, como da oferta, proporcionando información sobre establecementos abertos, prazas estimadas e grao de ocupación. Dita información ofrécese de xeito mensual a nivel de Comunidade Autónoma, provincia, xeodestino e puntos turísticos.

Por outro lado, algúns establecementos hoteleiros ofrecen unha serie de servizos específicos que os identifican no denominado “turismo de saúde”, concretamente aqueles que son clasificados na modalidade de balnearios, que son aqueles que dispoñen de instalacións con augas termais, ou ben os clasificados na modalidade de talaso, con augas mariñas.

O obxectivo desta actividade é a análise do turismo de saúde, entendido como o conxunto de establecementos hoteleiros coa especialidade de balneario ou talaso, a través da análise da información subministrada pola EOH, ofrecendo datos sobre o volume de viaxeiros, o número total de noites, a estadía media e o grao de ocupación no marco da meta 3.5.04. Movemento de viaxeiros e viaxeiras. Ocupación en establecementos regulamentados e non regulamentados e tentando complementar as metas 1.2.03. Reservas e usos das augas e 2.6.03. Hábitos e prácticas deportivas e do lecer cunha metodoloxía inspirada nos obxectivos instrumentais 4 e 6 do artigo 7 da Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026.

Definicións e normativa

A poboación obxecto do estudo está constituída polos establecementos hoteleiros existentes en Galicia que están clasificados na modalidade de balneario ou talaso. Non entran dentro do obxecto da análise os hoteis que ofrecen servizos de spa, así como os balnearios ou talasos que non ofrezan servizos de aloxamento.

Hotel: Defínese como aquel establecemento que ofrece aloxamento, con ou sen comedor e outros servizos complementarios, que ocupe a totalidade dun ou de varios edificios, ou unha parte independizada deles, cuxas dependencias constitúan unha explotación homoxénea, con entradas, escaleiras e ascensores de uso exclusivo.

Hotel balneario: É aquel establecemento que, reunindo os requisitos exixidos aos hoteis, contén ademais instalacións balnearias, é dicir, empregan as augas mineromedicinais declaradas de utilidade pública con fins terapéuticos e preventivos para a saúde. Considéranse establecementos sanitarios.

Hotel talaso: Aquel establecemento hoteleiro que contén instalacións de tratamento con auga do mar natural como elemento diferenciador e esencial da súa oferta, ademais dos requisitos exixidos aos hoteis. Como mínimo deberá ofrecer, ademais de instalacións colectivas (piscinas), tres unidades de tratamento individuais con auga de mar natural, control médico dos tratamentos terapéuticos e persoal cualificado nas técnicas aplicadas.

A diferenza entre un balneario, un centro de talasoterapia e un spa está no tipo de auga que empregan: os balnearios empregan auga mineromedicinal, os centro de talasoterapia auga do mar e o spa auga corrente.

A normativa vixente para a regulación dos establecementos hoteleiros coa especialización de balneario ou talaso aparecen recollidos nas seguintes disposicións:

- Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 57/2016, do 12 de maio, polo que se establece a ordenación dos establecementos hoteleiros

Fontes de información

As fontes de información necesarias para a elaboración do estudo son:

- Como fonte de información primaria a Enquisa de Ocupación Hoteleira (EOH) elaborada polo Instituto Nacional de Estadística (INE), accesible a través do Instituto Galego de Estatística (IGE).
- Para a obtención do marco de referencia emprégase como fonte de información o Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT), xestionada e explotada pola Axencia Turismo de Galicia.

Método

Universo: Establecementos hoteleiros galegos coa especialidade de balneario ou talaso. Segundo o Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT) eran 21 no ano 2021.

Poboación (P): Establecementos hoteleiros galegos coa especialidade de balneario ou talaso de tres ou máis estrelas. Eran 15 segundo o REAT en 2021.

A EOH emprega en xeral unha mostraxe exhaustiva en todas as provincias, excepto para algunhas categorías hoteleiras nas que aplica fraccións de mostraxe. Dado o reducido do universo que se quere estudar, os problemas de análise nos estratos correpresentados da mesma son difíciles de salvar, sen erros mostrais ou niveis de imputación moi elevados. En consecuencia, óptase por limitar o estudo aos estratos autorrepresentados, isto é, os 15

establecementos de tres a cinco estrelas de ouro. Sobre esta poboación, por tanto, non se aplica unha mostraxe senón que se obtén un censo.

Como recolle a metodoloxía da EOH, como marco para a selección da mostra empréganse os directorios das Consellerías de Turismo das Comunidades Autónomas, directorios que se actualizan permanentemente. Consecuentemente, a aparición dun establecemento novo no REAT que pertenza á poboación obxecto do estudo, dado o nivel de exhaustividade da enquisa, é previsible que sexa incorporado á mostraxe da enquisa de xeito inmediato.

O deseño do estudo sobre o que se está a traballar vén definido pola dupla de ano e mes. O tratamento da información ten como punto de partida a información que se recolle nos cuestionarios da EOH.

Tratamento da falta de resposta

Para os meses nos que a enquisa non recolle a información dalgún establecemento que se atopa dentro do censo obxecto do estudo, porque estivera pechado ou que estivera aberto pero non facilitase a información, debe estudarse un mecanismo de imputación.

Como punto de partida, analizando a información recollida na enquisa elaborada polo INE, téñense en conta as variables “inci” e “inci1”. Ditas variables permiten determinar se os establecementos estaban abertos ou se non facilitaron información.

Ambas variables recollen as incidencias que se produciron na obtención da información, sendo “inci” aquela que recolle as incidencias de carácter semanal e “inci1” aquela que recolle as incidencias na recollida da información con carácter mensual. As variables posúen os seguintes valores:

inci/inci1	Valor
0	Non está na mostra, ou está pero pechado de tempada
1	Recibido cuestionario con datos
2	Recibido cuestionario sen movemento
3	Pechado
4	Pendente de resposta

As posibilidades de proceder para o caso da falta de resposta na elaboración da análise a partir da información destas dúas variables, aparecen recollidas no seguinte recadro:

		Incidencia semanal	
		inci = 1	inci ≠ 1
Incidencia mensual	inci1 = {0,2,3}	É necesario imputar	Valor igual a cero
	inci1 = 4	É necesario imputar	
	inci1 = 1	Non é necesario imputar: Valor da enquisa	

En resumo, é necesario levar a cabo un proceso de imputación nos casos en que, con carácter mensual a enquisa está pendente de resposta ou cando, aínda que aparece recollido como pechado de tempada en termos mensuais, con carácter semanal recibíronse cuestionarios con datos polo que se supón que o establecemento estivo efectivamente aberto.

A imputación lévase a cabo sobre as variables de viaxeiros, noites e prazas dispoñibles para o establecemento sobre o que non temos información para un ano e mes determinado. Para levar a cabo o proceso da imputación dos elementos baleiros, pátense do seguinte conxunto de variables:

a = Ano de referencia

m = Mes de referencia

$W = \{\text{N}^\circ \text{ de Viaxeiros, N}^\circ \text{ de Noites, N}^\circ \text{ de Prazas dispoñibles}\} = \{V, N, P\}$

$\forall k \in W$, defínense as seguintes variables:

R_k = Conxunto de establecementos para os que temos datos

B_k = Conxunto de establecementos a imputar

O proceso de imputación consta de dúas fases:

1. Calcúlase, a partir da información dispoñible, a variación mensual do número de viaxeiros, noites e prazas para o conxunto de establecementos dos que si temos información para ese mes
2. Dita variación aplícase aos datos do mes anterior, que si están dispoñibles (sexan estes reais ou imputados nun proceso anterior), dos establecementos a imputar.

A modo resumo queda do seguinte xeito:

$$\forall k \in W, \forall b \in B_k, w_{k,b,a,m} = w_{k,b,a,(m-1)} * \frac{\sum_{r \in R_k} w_{k,r,a,m}}{\sum_{r \in R_k} w_{k,r,a,(m-1)}}$$

para $m \neq 1$ e

$$\forall k \in W, \forall b \in B_k, w_{k,b,a+1,1} = w_{k,b,a,12} * \frac{\sum_{r \in R_k} w_{k,r,a+1,1}}{\sum_{r \in R_k} w_{k,r,a,12}}$$

para $m = 1$ (xaneiro).

Viaxeiros e noites segundo orixe

Lévase a cabo o reparto dos viaxeiros e as noites segundo a orixe dos mesmos partindo dos datos semanais, onde se ofrece esta información. Calcúlase unha razón para cada mes segundo a orixe e aplícase sobre o conxunto da información mensual das variables viaxeiros e noites. Obtense deste xeito unha desagregación de ditas variables tendo en conta a orixe: Galicia (G), Resto de España (E) e Resto do Mundo (M).

a = Ano de referencia

m = Mes de referencia

S = Semanas do mes de referencia con información dispoñible

$O = \{G, E, M\}$ Orixes para as que temos datos no mes de referencia

$W_0 = \{\text{N}^\circ \text{ de Viaxeiros, N}^\circ \text{ de Noites}\} = \{V, N\}$

$$\forall k \in W_0, \forall j \in O \quad w_{k;j,a,m} = w_{k;a,m} * \frac{\sum_{i \in S} w_{k;j,a,m,i}}{\sum_{j \in O} \sum_{i \in S} w_{k;j,a,m,i}}$$

Estadía media e porcentaxe de ocupación das prazas hoteleiras

Para o cálculo destas dúas variables lévanse a cabo as operacións seguintes:

a = Ano de referencia

m = Mes de referencia

\mathcal{P} = Conxunto de establecementos hoteleiros do estudo

V = Viaxeiros que pasaron a noite no establecemento

N = Número de noites totais que os viaxeiros pasaron no establecemento

P = Prazas dispoñibles no establecemento

D_m = Número de días do mes m

$O = \{G, E, M\}$ Orixe para as que temos datos no mes de referencia

$$\text{Estadía media}_{a,m} = \frac{\sum_{i \in \mathcal{P}} N_{i,a,m}}{\sum_{i \in \mathcal{P}} V_{i,a,m}}$$

$$\forall j \in O \quad \text{Estadía media}_{j,a,m} = \frac{\sum_{i \in \mathcal{P}} N_{i,j,a,m}}{\sum_{i \in \mathcal{P}} V_{i,j,a,m}}$$

$$\text{Porcentaxe de ocupación das prazas hoteleiras}_{a,m} = \frac{\sum_{i \in \mathcal{P}} N_{i,a,m}}{D_m * \sum_{i \in \mathcal{P}} P_{i,a,m}} * 100$$

Difusión

A publicación da información da serie de turismo de saúde será de carácter mensual na páxina web de Turismo de Galicia, tendo como referencia o conxunto de establecementos hoteleiros de tres ou máis estrelas de ouro clasificados na modalidade de balneario ou talaso, coa seguinte información:

- A orixe fai referencia soamente a Galicia, Resto de España e Resto do Mundo para calquera variable publicada
- Número de viaxeiros aloxados no conxunto de establecementos total e desagregados segundo a orixe
- Número de noites realizadas por parte dos viaxeiros aloxados total e desagregados segundo a orixe
- Estadía media dos viaxeiros total e desagregados segundo a orixe
- Ocupación das prazas hoteleiras para o conxunto de establecementos de estudo

Non se tratan as perspectivas de xénero e idade porque non o permite a fonte, os microdatos da EOH.